

170 ANIVERSARIO

A BATAALLA DE CACHEIRAS

ABRIL 1846 - 2016

Xosé María Lema Suárez

Eduardo Pardo de Guevara y Valdés

Ramón Villares Paz

170 ANIVERSARIO
DA
BATALLA DE CACHEIRAS

(edición conmemorativa)

Concello de Teo
Concellería de Cultura
Rúa da Lagoa, núm. 2 Lucí
Ramallosa 15883 Teo
Tfno: 981 815 700
cultura@concellodeteo.com
www.concellodeteo.com

Edita: Concello de Teo

Concelleiro de Cultura e Educación

Pilar Pérez Faxil

Textos

© Xosé María Lema Suárez

© Eduardo Pardo de Guevara y Valdés

© Ramón Villares Paz

Limiar

© Rafael C. Sisto Edreira

Equipo técnico:

Revisión Lingüística

Roberto Rielo. Servizo de Normalización Lingüística

Fotografías e documentación

Pablo Sanmartín e Jesús Rey. Arquivo Municipal

Coordinación

Lucía Mosquera. Departamento de Cultura

Deseño de cuberta

Monsterstudio

Maquetación

Antón Lado

Dep. Legal: C 605-2016

SUMARIO



LIMIAR <i>Rafael C. Sisto Edreira</i>	5
A BATALLA DE CACHEIRAS (OU DE MONTOUTO) DE 1846 <i>Xosé María Léma Suárez</i>	7
UN RELATO CONTEMPORÁNEO DA BATALLA DE CACHEIRAS <i>Eduardo Pardo de Guevara y Valdés</i>	25
DISCURSO DE INAUGURACIÓN DO MONUMENTO Á BATALLA DE MONTOUTO - CACHEIRAS <i>Ramón Villares Paz</i>	33

LIMIAR



Hoxe, 170 anos despois, resulta complicado entender como dous bandos dun mesmo exército chegan, na mañanciña daquel 23 de abril de 1846, a batallar nas ladeiras do Montouto (Cacheiras, Teo), defendendo ideais ben distintos. Cústanos comprender os numerosos pronunciamentos e levantamentos militares que se produciron durante boa parte do século XIX e máis que, coma este, se fagan en nome do “progreso e a liberdade” e sexan propiciados e apoiados por mozos universitarios que descubriran a singularidade social e cultural do seu pobo e loitaban para que fose recoñecida a nivel político.

Esta é pois unha boa oportunidade para afondar na nosa historia, para coñecernos e recoñecernos como pobo e como país. Por iso o Concello de Teo decidiu este ano publicar tres pequenas pero interesantes contribucións ao estudo da batalla de Cacheiras, tres olladas que nos levan, dende distintas perspectivas, a aquela Galicia de proclamas e bandos, de academias e liceos, de proselitismo e conspiración, de xuntas locais e da Xunta Superior de Goberno de Galicia, e de persecución e represión...

Queremos agradecer a colaboración desinteresada dos autores dos textos, todos eles veciños do noso concello. Cada

unha das contribucións ten unha pequena historia detrás que a enriquece: a inauguración dun monumento conmemorativo en 1998 no discurso de Ramón Villares, un artigo publicado en 1989 na revista *O Candil* (editada pola Agrupación de Teo do PSG-EG) no caso da colaboración de Xosé María Lema, e un escrito inédito dos fondos documentais que se custodian no Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento que presenta Eduardo Pardo de Guevara, reproducido polo *Boletín da Asociación de Veciños Raviña Valdés* de Cacheiras en 2005.

Grazas a todos eles. E gozade desta viaxe ao que fomos que explica algo do como somos. Recoñecerémonos?

Teo, abril de 2016

Rafael C. Sisto Edreira
Alcalde

A BATALLA DE CACHEIRAS (OU DE MONTOUTO) DE 1846*



XOSÉ MARÍA LÉMA SUÁREZ
Catedrático de Xeografía e Historia

O 23 de abril cúmprese o 170 aniversario da máis importante batalla da historia da Galicia contemporánea: trátase da denominada Batalla de Cacheiras (ou de Montouto, como prefiren algúns, posto que en realidade tivo lugar nas ladeiras deste monte), acontecida en 1846, entre o exército enviado polo goberno de Madrid ó mando do xeneral Concha e as forzas galegas ó mando do coronel Miguel Solís. Foron derrotadas as forzas galegas, e os seus mandos fusilados tras un xuízo sumarísimo na vila de Carral (“Os mártires de Carral”), pero detrás desta conspiración había unha intelctualidade “provincialista” que constitúe o punto de partida da reivindicación galeguista contemporánea. Para os historiadores españois foi un de tantos pronunciamentos militares do séc. XIX, mentres que para algúns galegos foi case un movemento independentista (‘A revolución Galega de 1846’).

* Artigo publicado inicialmente na revista *O Candil* (abril de 1989) editada pola Agrupación de Teo do PSG-EG.

A REVOLUCIÓN GALEGA DE 1846

Reinando Isabel II (que daquela tiña 13 anos), no ano 1844 instáurase en España un gabinete presidido polo xeneral Narváez, que gobernará ditatorialmente, o que dará lugar a unha serie de pronunciamentos militares de signo progresista. O día 2 de abril de 1846, na cidade de Lugo, pronunciose o 2º Batallón de Rexemento de Zamora ó mando do comandante Miguel de Solís y Cuetos. Este rexemento tiña residencia na Coruña, pero fora obrigado a trasladarse a Valladolid baixo sospeitas de rebelión. Nos días sucesivos fóronse pronunciando distintas cidades galegas: Santiago o día 4, Pontevedra o día 9, Vigo e Tui o día 10. Formáronse dous corpos de exército, o primeiro ó mando de Solís (encargado de tomar A Coruña e Ferrol), e o segundo ó mando de Rubín de Celis (encargado de tomar Ourense).

O día 15 de abril, reunidas en Santiago tódalas tropas, constitúese a Xunta Superior de Goberno de Galicia, da que era presidente Pío Rodríguez Terrazo e secretario Antolín Fardalo, estudante da Universidade, verdadeiro ideólogo do levantamento. En Madrid prepárase unha gran expedición militar contra os rebeldes galegos. Vén ó mando destas tropas o xeneral José Gutiérrez de la Concha, e o 23 de abril de 1846, ás 10 de mañá, vai ter lugar nas ladeiras do Montouto (monte próximo a Cacheiras) a batalla que deu fin a esta revolución. O exército de Solís (que se fixera nomear pola Xunta capitán xeral de Galicia), formado por militares, estudantes da Universidade e paisanos, mal dirixido, foi derrotado por completo. Perseguidos polos soldados de De la Concha pecháronse en Compostela e defenderon metro a metro a cidade; a loita foi corpo a corpo polas súas rúas. Os auxilios dos sublevados do sur de Galicia (de Rubín de Celis)

nunca chegaron, e Solís e o seu exército, pechados en San Martiño Pinario, tiveron que se render.



Esquerda: Miguel Solís i Cuetos (1816-1846), Comandante do Estado Maior da Coruña, xefe do levantamento de 1846. Nomeado Tenente Xeneral e Xefe Supremo das Forzas Armadas pola Xunta Superior do Goberno de Galicia. Foi fusilado o 26 de abril de 1846, no adro da igrexa de Paleo (Carral). Tiña 31 anos. Galicia xamais se esquecerá deste andaluz que loitou pola autonomía de Galicia. *Dereita:* Antolín Faraldo. Morreu cando o país máis o necesitaba, pero deixou a semente.

O capitán Xeral Villalonga –que quedou para a Historia como símbolo de crueldade– mandou que os xefes foran levados para A Coruña. Ante o temor de que puidera rexurdir o levantamento mentres estaban na cadea, deu orde de xulgalos e axustizalos no camiño de Santiago á Coruña. Primeiro pensouse na vila de Ordes, pero despois elixiuse Carral, onde un segundo alcalde estivo disposto a referendar aquela farsa de xuízo. Nunha taberna exerceuse a suposta xustiza por parte dun tribunal ameazado por Villalonga. Foron condenados a morte Solís e once oficiais máis; fusiláronos o 26 de abril de 1846 e enterráronos no cemiterio de Paleo.

Logo veu a represión, as torturas, encarceramentos, exilios e desteros. Afortunadamente para os que sobreviviron concedeuse axiña unha amnistía con motivo do casamento da raíña Isabel, da que se beneficiaron os exiliados en Portugal

(Faraldo, Rodríguez Terrazo, o poeta Francisco Añón, Romero Ortiz, Rúa Figueroa, etc).

A BATALLA DE CACHEIRAS: RELATO

Lembrando esta efeméride, transcribimos ó pé da letra o que nos di Francisco Tettamancy na súa obra publicada en 1908 (pp. 251-269). Esta autor volveu a percorrer o terreo onde acontecera, indagou no Arquivo Municipal de Teo e recoleu a narración de Do Porto, historiador que vivira aqueles acontecementos:

A las doce y media de la noche, sale de Santiago la columna de Solís con éste a la cabeza, acompañada también de la Junta Suprema, cuyos individuos se separaron de las fuerzas, á su salida de la ciudad, siguiendo la carretera de Padrón.

Hízose la marcha muy lentamente por consecuencia del deterioro en que se hallaba el último puente que no dejaba más tránsito que para un hombre solo; llegándose con tal motivo, y con extraordinario retraso, al despuntar la aurora, á la aldea de Cacheiras (Teo), en cuyo punto dióse la orden de descanso. ¹

¹ Hemos recabado del Secretario del Ayuntamiento de Teo, nuestro amigo D. José Rodríguez López, todos cuantos datos existieran en el Archivo Municipal y de especial interés para nuestro trabajo; y lo único que aparece del libro de actas de aquel año, es el acuerdo siguiente:

“Hay un sello en seco que dice: Isab. 2ª P.L.G.D. y la Cons. Reina de Las Españas. Oficio 4 ms. Año 1846.- En la Casa de Sesiones de Lucí a siete de mayo que abajo firman se les hizo presente por el Presidente de la Corporación de las continuas quejas que recibe sobre el ruinoso estado del puente Cacheiras (Postillón da Riveira) en tanto grado que no han podido pasar las tropas del Excmo. Sr. General Concha en la última revolución teniendo que echarse por las heredades inmediatas. La Corporación acordó que el Sr. Presidente se valga de un cantero de confianza y mas a propósito para que se componga el dicho Puente inmediatamente, cargando el importe de la composición al artículo imprevisto. Con lo cual se dio por concluida esta sesión después que así lo acordaron los individuos del ayuntamiento que firman de que yo vocal secretario certifico: Ramón Blanco, Mateo Carballo, Pedro Nieto, Manuel Crespo, Manuel Tejo, Manuel Rodríguez y Manuel Cadeira. P.S. Pedro Antonio do Eyo”.- Archivo Municipal del ayuntamiento de Teo.

San Simón de Cacheiras es una parroquia que cuenta 1.092 habitantes de hecho y 1.320 de derecho. Pertenece al distrito municipal de Teo, distando de Padrón, cabeza del partido judicial, diez kilómetros, y cinco aproximadamente, de la ciudad de Santiago. Su capital que es una aldeita muy alegre y animada, consta de 117 almas y fórmanla un conjunto de 24 casas, todas ellas de labradores. Está situada en un llano o planicie resguardada en su parte Norte por una cordillera denominada Montouto, en cuya falda tuvo lugar la memorable acción que vamos a relatar. Montouto dista de Cacheiras un kilómetro escaso, sirviendo de pantalla a dicha aldea, para poder divisar desde la monumental Compostela.

Por el lado Sur y Sureste, o sea el lugar llano en que Cacheiras hállase desembarazado de obstáculos montañosos, pasa la carretera provincial que parte de Santiago a Cuntis por el Castiñeiriño, donde en aquella época no había más que un camino de carro; al Este y a unos seis kilómetros, culebrea la de Santiago a Orense y por el Oeste y a igual distancia, la del Estado de Santiago a Padrón.

Desde Montouto, abstráese el espectador al admirar el poético panorama que a su vista se presenta, destacándose en primer término los pintorescos y exuberantes valles de Cacheiras y Recesende, con sus agrupaciones escalonadas de blancas casitas, que se asientan en los lugares de Constenla, do Sixto, Recesende, Cachei-



La revolución gallega de 1846.
F. Tettamancy

ras, *San Simón, Riveira, Sebe, Feros y Rejo*, hasta dominar todas aquellas extensas y risueñas lejanías que completan la cuenca de la Ramallosa, *Lucí, Rarís, Sales, Illobre, Oza, Reyes al Puente Vea*, con su profusión de grisáceas montañas, sobresaliendo la del famoso *Pico Sagro*, ese monte de gran importancia legendaria por su riqueza en leyendas, tradiciones y recuerdos históricos.

Otros pueblecitos divísanse igualmente hacia la floreciente vega del Ulla, como el valle de *Santa Lucía*, que presenta, como el de Cacheiras, múltiples variantes de esmeraldina alfombra, festonándolo espesas robledas, castañares y los esbeltos y aromáticos pinos, tan cantados por la lira del ilustre poeta *Eduardo Pondal*.

No parece algo que el destino había reservado a la noble revolución gallega, la belleza de esa pequeña porción de tierra para las primeras pruebas de su sacrificio: tan en consonancia estaban las ideas de la una con las bondades de la otra [...]

Indícale en Cacheiras un aldeano a *Solís*, que se divisaba gente armada en una eminencia de los montes cercanos, esto es, por la parte de *Vilariño y Vaamonde*.²

Efectivamente, eran las fuerzas de *Concha*, que ya convencido de que *Rubín* no se movería con su división de *Rivadavia*, podría con toda seguridad avanzar sin el menor obstáculo hacia *San-*

² La víspera de la batalla de Montouto –conocida por la de Cacheiras– pernoctó el general *Concha* en la rectoral de *Santa María de Vaamonde*. Plácida estaba la noche, aunque su cielo estuviese cubierto de densos nubarrones. De cuando en cuando rasgábamos la luna, lanzando á la tierra sus melancólicos destellos, para iluminar la esplendidez del paisaje. El general, después de cenar, asomose al elevado balcón de la rectoral; y al apoyarse en el antepecho de éste, quiebra la madera por hallarse falsa o podrida. En nada estuvo que su cuerpo se estrellase en el pavimento, si a tiempo no lo sujetara uno de sus ayudantes de campo, exclamando sotto voce: - “Los dioses son propicios al general”.- Y no se había equivocado en su profecía.

Esta anécdota se la debemos al ilustre Abad de la Colegiata de la Coruña, nuestro bondadoso amigo *D. Ramón Bernárdez*, que desempeñó el curato de *Santa Eulalia de Oza (Teo)*, límite de la parroquial de *Vaamonde*, y que la recogiera a su vez del anciano cura de esta feligresía, testigo presencial del suceso.

Al comentarlo el párroco de *Vaamonde*, daba gracias a la Providencia porque el general *Concha* no sufriese la menor lesión: que de ocurrir lo contrario hubiera peligrado la vida de aquel, atribuyéndose el incidente a un plan fraguado de antemano por los partidarios de la revolución.

tiago para sorprender y dar el primer golpe de muerte a la revolución gallega [...]

Vuelve nuevamente a divisarse el enemigo en dirección á Santiago; el que, al distinguirse igualmente la columna revolucionaria, continua por su flanco izquierdo en movimiento de avance, hasta oscurecerse de nuevo por entre una cañada.



Alto do Montouto ó abreite

Continúan Solís y los suyos forjándose la ilusión de que el general Concha pretendiendo unirse a su compañero Villalonga, rehuía el combate, ocupando el camino de Compostela por la parte opuesta a las posiciones que aquellos traían, esto es, por el lado de Oza e Illobre; pero al verle reaparecer rapidamente en sentido contrario, Solís, que, para perseguirlo abandonara las suyas, advierte la nueva evolución de este, y acto seguido, concentrando sus fuerzas entre el lugar del Monte y la falda de Montouto, se apresta a la lucha, desplegándolas en batalla [...]

El otro extremo de dicha cordillera, que en declive suave y a propósito para maniobrar la caballería podría considerarse mas asequible para el ataque y peligroso por lo tanto para temer un movimiento de flanco, fue ocupado por el comandante D. Víctor Velasco con dos compañías escasas de milicias, 60 licenciados del ejército al mando de D. Vicente Cobias y 25 nacionales a las órdenes de D. Pedro Fernández Tabeada, ayudante de Solís.

A vanguardia de esta línea de batalla, sobre unos 200 metros, se halla el pueblecito de Cacheiras, y a otros 1.500 el lugar de Monte siguiendo a este el de la Poboia que ya se enclava en la falda de Montouto, cuyas casas ocupaban los guardias civiles como punto más avanzado y practicable para el ataque.

Acelera Concha su avance, entrando por el Postillón da Riveira situado a la salida del pueblo de Cacheiras, actual camino viejo de Montouto a Santiago, haciendo alto en este punto; y alagar su línea formando una diagonal, cuya ala derecha, toca uno de los extremos de la falda de Montouto, y a la izquierda extiéndela hasta la mitad del hermoso valle de Cacheiras.

Las fuerzas del general, componíanse de dos batallones del regimiento de América, el segundo batallón del de la Reina, el Provincial de Mondoñedo, 200 caballos y cuatro piezas de Montaña, sin contar con los poderosos elementos que a corta distancia le seguían, mandados por el brigadier Rodríguez Soler.

Apoya su vanguardia en la ala izquierda- o sea frente a la derecha de Solís – con dos batallones de América y el de la Reina. En el centro colocó la artillería, a la derecha el Provincial de Mondoñedo, y la retaguardia formada exclusivamente por los dos escuadrones.

Colocados en esta disposición ambos ejércitos, suena por el de Solís el toque de avance.

Muévese rápidamente el ala izquierda de Concha al grito de ¡Viva la Reina! ¡mueran los traidores! Que es interrumpido con otro ¡Viva la Reina libre! ¡abajo la dictadura!

Inmediante los guardias civiles apostados en la agrupación de casas que hemos citado mandados por D. Eduardo Ruiz Pons, oficial práctico de artillería, ordena romper el fuego, causando algunas bajas a la avanzadas enemigas, que formadas de las dos compañías de cazadores de América y de la Reina, iban adelantándose a paso de ataque protegidas por la Artillería, esforzándose en romper la línea central de ejército revolucionario. Diferentes veces fueron rechazadas por el plomo de este, especialmente por los guardias civiles que no cejaban de oponerse a dicho intento; mas cañoneados por fin los edificios con las repetidas descargas que se

les hacía, caen en poder del enemigo tras de una obstinada resistencia, no sin dar tiempo a los defensores para concentrarse a los suyos.

Solís y Velasco operaban bien; pero comprendiendo el primero que las intenciones de Concha eran dividir la

columna y envolver sus flancos, procura cohonestar la agresión, disponiendo que las dos compañías de milicias cargasen contra las avanzadas enemigas, quedándole a Velasco como vanguardia, los licenciados del ejército, y como retaguardia los 25 nacionales y los guardias civiles que se le reunieran después de la defensa de las casas susodichas. De esta forma haría ver a Concha que en aquel punto existía mayor número de fuerzas para resistir la acometida.

Así debió entenderlo el general, cuando se vio que los fuegos de su artillería, lanzados con puntería certera, hacia el grupo de las gentes de Velasco, impidieron a este el avance, aunque no el abandono de sus posiciones.

Resultado infructuoso por aquella parte el rompimiento de las línea central de los sublevados, no obstante e fuego cada vez más vivo que despedían los contrario, varía Concha de táctica; y sin dejar de cañonear a las fuerzas de Velasco, ordena, que flanqueándole dos batallones, se sitúen en la falda opuesta de Montouto, amagando su retaguardia. Los revolucionarios se hallaban invalidados de dominar esta posición, porque posesionados de la meseta de esta montaña, tenían que atender el propio tiempo a la acometida de la vanguardia enemiga, que era la que se empeñaba



Detalle da Carta Xeométrica de Domingo Fontán do ano 1834

en romper su línea intermedia o del centro, para dividir sus alas, con el propósito, según llevamos expuesto, de hacer prisionero uno de sus flancos.

Por virtud de esta sagaz operación de Concha, pudo entonces hacerse cargo Solís, con abrumadora pesadumbre, de las ventajas que iba tomando su rival, y de la superioridad de fuerzas que le combatían, singularmente las del avance de la caballería de este, con quien no podía luchar, máxime, teniendo en cuenta la bondad del terreno que a la misma se le presentaba en aquellos momentos para maniobrar.

De pronto concibe la idea de emprender la retirada, replegándose a Santiago.

- A Padrón debemos dirigirnos, objétale Buceta, defendidos por esta línea de montañas que a nuestra derecha se destacan, y cuyas erizadas crestas nos servirán de admirable resguardo.

Le contesta Solís que no había motivo para tanto alejamiento, fundándose en que, aun en la imposibilidad de poder desalojar al enemigo de las posiciones tomadas, contaba con que la división de Rubín habría de socorrerlos de un momento a otro para tomar la revancha

Aun esperaba los refuerzos del “amigo” y compañero; aun confiaba en que su plan coronaría los éxitos de la revolución: error lamentable que le arrastró desde aquellos instantes al fatal desenlace desarrollado tres días mas tarde en Paleo!

Dio orden para que inmediatamente retrocediese el ala izquierda a fin de evitar que no sufriese aislada el empuje del enemigo; mas era tarde: al llegar la vanguardia revolucionaria á la cumbre del cerro, vésele pronunciar en retirada por la avalancha de combatientes que se le echaba encima.

Corre a protegerla el segundo batallón de Zamora, batiéndose vigorosamente con diferentes suertes y a quema ropa, y disputando el terreno palmo a palmo. Por consecuencia de este inesperado movimiento, desorganizase la retaguardia que marchaba a larga distancia siguiendo y amparando la vanguardia.

En esta confusión —dice Do Porto— son barbaramente lanceados varios licenciados y nacionales, quedando en poder del enemigo casi todos los bagajes de los revolucionarios.

NUM. 4. Vitoria 17 de Abril Año 1846.

LA REVOLUCION,

PERIÓDICO OFICIAL DE LA JUNTA SUPERIOR DE GALICIA.

HA DE SALIR EN SU COMERCIALIZACION.—SE LEZARÁ EN TODOS LOS CONDOMINIOS DE CASAS Y ALA UNA PUNTA.

PARTE OFICIAL.

LA JUNTA SUPERIOR PROVISORIA DE GOBIERNO DE GALICIA a sus habitantes.

Hana llegado el día de mayor peligro para la patria, i con él la escena de teatro: los jaquitos hechos ante el ara de nuestro comercio: salar las instituciones a morir con ellas. Hala cuando la hora de mayor el error de esa desdichada leal que acortó los ojos de protección i halló todos los brazos populares. La ley federativa, acogida en las calles en las calles de batalla por el heroísmo del ejército. I de las ciudades, unida de aliento a los lazos de ese magnífico Gaceta que circula sobre el tronco. Con la lástima inmensa de ese momento: eterna justicia

donde los que lloraron de sus ojos de lágrimas, sería de estado para una horrible muerte arida en sus ojos estragos.

Poco más de todo quedaba a la libertad. Sobre los restos de la obra nacional de tres años, cediendo con los venidos, los señores i la sangre de los españoles de i lo mismo se halló sobre de unida política i religiosa. El honor i la sanidad, lo comen i los derechos, sobre perdas en el momento, sobre en los lazos, sobre en los comarcas, lo que el gobierno que propugna al para los señores que poseen a los pies de El Galia al tronco de sanidad.

En sus oraciones, memoria para la libertad, en hora de tan inminente riesgo para la patria, i saliendo la respuesta i la cultura que podemos llamar la guerra i la defensa de sus derechos, sabemos un gobierno i grande número de los brazos españoles para sobre las instituciones i el tronco: poner la revolución a la diestra.

Manifiesto da Xunta Superior do Goberno de Galicia

OS VECIÑOS DESTE CONCELLO FORON ESPECTADORES DAS EVOLUCIÓNS DOS EXÉRCITOS

Para a veciñanza de Teo pode ser interesante repasar pausadamente a descrición que Tettamancy deu da batalla, para observar os lugares que percorreron un e outro exército nos días previos á batalla. Vemos con toda claridade que a base das operacións bélicas estivo circunscrita na comarca que vai da Ponte Ulla a Padrón, sendo o Concello de Teo o mesmísimo epicentro.

Vexamos. Solís ocupaba Santiago, unha das cidades en rebelión. De Madrid envíase un exército ó mando do xeneral Concha que se dirixe á cidade compostelá polo camiño que vén de Ourense: o día 22 pola mañá estes batallóns atravesaron o río Ulla pola Ponte Ulla pero, sabendo Concha que os

rebeldes estaban gornecidos en Compostela, opta por agardar o momento oportuno polos arredores, polo que decide facer noite en Santa María de Bamonde: o xeneral ocupou a propia casa reitoral desta freguesía, e mesmo estivo a punto de caer do seu balcón. Contra as 12 da noite dese día 22, Miguel Solís, impaciente porque non daban chegado as tropas do sur (de Rubín de Celís) sae de Santiago pola Pontepedriña e O Castiñeiriño, en dirección a Padrón; a marcha fíxose moi lentamente e chega a Cacheiras ó amencer, atravesando o pontillón da Ribeira (que aínda subsiste hoxe), que estaba en mal estado. Nesta parroquia deuse orde de descanso. Un veciño advírtelle a Solís a presenza de xente armada polos montes de Vilariño e Bamonde; era Concha, que xa iniciara o seu avance cara a Santiago, para tomar esta cidade: alí se dirixía pasando por Oza e Illobre. Foi daquela cando Solís decidiu recuar e, para impedirlle o paso, concentrou as súas forzas na ladeira sur de Montouto, boa atalaia para organizar a defensa. Concha atravesa as terras da parroquia de S. Simón de Ons de Cacheiras, polo camiño vello de Santiago. Este camiño aínda hoxe se distingue pola ladeira suroeste do Montouto, a onde ascende despois de pasar o pontillón da Ribeira; desemboca na actual estrada ó lado dun restaurante e de varias naves industriais. Os batallóns de Concha seguen este vieiro, atopándose cara a cara ambos os dous exércitos na aba do monte, onde tivo lugar a sanguenta contenda corpo a corpo.

OS DE CACHEIRAS E CONXO ENTERRARON OS MORTOS

Vemos, logo, que os habitantes desta banda do río Ulla –e moi especialmente os de varios lugares do Concello de Teo (Bamonde, Vilariño, Illobre, Oza, Cacheiras, A Póboa etc.)– puideron observar con certa curiosidade (e con lóxico temor) os exércitos dun e outro bando percorrendo os seus herdos nunha e noutra dirección, montados os xefes a cabalo, a tropa a pé; uns tenteando o terreo, á espreita; outros avanzando e recuando para buscar posicións. Finalmente habería de vir o tráxico desenlace, a confrontación directa, na que case se viron implicados os veciños das casas da Ribeira e da Póboa.

Xa para rematar, un dato moi significativo; o día seguinte da batalla (24 de abril), o xeneral vencedor (Concha) deu orden en Santiago ó alcalde desta cidade para que se dirixira ós alcaldes dos Concellos de Teo e Conxo para que:

Los muertos que hubiere en los respectivos distritos por el resultado de la acción de ayer, se entierren previo reconocimiento y recuento; y los heridos sean remitidos al Hospital Nacional de Santiago³

Para este cometido, sen dúbida, os respectivos alcaldes haberían requirir a axuda dos veciños das parroquias máis achegadas. Entra dentro de toda lóxica que estes paisanos, en compensación a este pouco agradable labor que se lles encomendou, levarían para as súas casas moitos daqueles vistosos uniformes dos soldados e oficiais que perderan a vida, posto que nin a eles nin ós exércitos lles ían servir xa. Uniformes, gorros de grandes penachos, sabres e armas estragadas, etc.; os desposos do campo de batalla son o botín dos primeiros

³ Arquivo do Concello de Santiago de Compostela.

que os recollan. Está demostrado que o senlleiro Entroido dos Xenerais da Ulla, cos seus uniformes decimonónicos tan característicos, xa existía con anterioridade a esta batalla, pero posiblemente nos anos seguintes os despozos da batalla servirían para renovar o vestiario.

ANTOLÍN FARALDO E O SIGNIFICADO DO LEVANTAMENTO DE 1846

Como demostrou o historiador X.R. Barreiro Fernández no seu libro *El levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo*⁴, os feitos acontecidos en Galicia hai agora 170 anos foron algo máis ca un simple pronunciamento militar. Detrás había uns ideólogos –de entre os que sobresaie o secretario da Xunta Superior do Goberno de Galicia, Antolín Faraldo– que representan o movemento “*provincialista*”, unha intelectualidade galeguista –nutrida por profesores e estudantes universitarios–, consciente da marxinação de Galicia por parte do goberno do Estado, que levaban manifestando na prensa da época a súa constante defensa dos intereses galegos. O provincialismo decimonónico galego vai ser o punto de partida do galeguismo e nacionalismo contemporáneo. Cando a Xunta Superior de Galicia denunciaba no seu manifesto do 17 de abril (que transcribimos a continuación) que Galicia estaba convertida nunha verdadeira “colonia de la Corte”, Cataluña iniciaba debilmente a súa restauración lingüística –pero sen movemento político equivalente–, e Euskadi, dominado polas tropas, apenas se atrevía a esixir os seus foros.

⁴ Santiago, 1977.

Pregunta o historiador Barreiro o seguinte:

Que país español puede presentar en 1846 una idea tan clara de sus destinos políticos y a quién puede ofrecer un sólo ejemplo como éste de anticipación histórica?

Remata Barreiro no seu documentado libro co parágrafo que de seguido transcribimos, no que se pode apreciar nitidamente a importancia desta xeración ‘galeguista’ que perdeu unha batalla en Cacheiras, pero non foi vencida, posto que a ela se debe o Rexurdimento literario do séc. XIX (Rosalía de Castro foi a máxima figura) e a vixencia do legado nacionalista galego na actualidade, o máis orixinal, vivo e activo da política galega.

Finalmente estaban los “provincialistas”, la primera hornada del galleguismo (demócratas, progresistas, radicales, republicanos federales, independientes), jóvenes casi todos, indudable fuerza intelectual, pero ajenos al pueblo. Amaban la libertad, el amor, la tierra y la Patria. No representaban ningún interés económico ni buscaban prebendas en el botín del mañana. Querían solo, y no era poco, una Galicia libre y una Galicia fuerte. Amaban a su Tierra con ese amor desesperado que ha sido siempre el patrimonio de la juventud. Fueron derrotados, pero su Idea vive, y crece cuando de la historia han sido barridos los moderados, los progresistas, los demócratas...

NOVA PROPOSTA DUN MONUMENTO Á “REVOLUCIÓN GALEGA” DE 1846 (OU Á “BATALLA DE CACHEIRAS”)

De novo convidamos ás asociacións culturais do Concello de Teo a que lembren a significativa data do 23 de abril de cada ano en memoria da batalla que marcou o punto de partida do espertar da conciencia galega contemporánea. Este día os galegos empezamos a reclamar o que en xustiza consideramos que nos correspondía, empezamos a protestar pola marxinação á que estaba sometida a nosa Terra, erguémonos contra “a humillación e o abatemento”. Estes galegos provincialistas empezaron a abrírnos os ollos para

engrandecer o antigo reino de Galicia abrindo as fontes naturais das nosas riquezas, e poñendo en harmonía coa época os hábitos e ideas que deixou unha sociedade fundada na ignorancia

(tal como reza a Proclama da Xunta Superior do Goberno de Galicia). Neste día estes galegos tentaron espertar os sentimento da galegitude (“*el poderoso sentimiento del provincialismo*”) para chegar a conquistar Galicia

la influencia de que es merecedora colocándose en alto lugar a que está llamado el antiguo reino de los Suevos.

Entre todos temos que lograr que o Concello de Teo empece a ser coñecido por algo que o singularice, e nada mellor para iso ca un monumento (que hoxe singulariza excelsamente a fraternal vila de Carral). Unha asociación de veciños (a “Raviña Valdés”, de Cacheiras) propuxera o ano pasado (1988) o lugar axeitado para este monumento: no propio lugar de Montouto, próximo ó propio campo de batalla, aproveitando un triángulo sobrante dunha das antigas curvas da vella estrada. En torno a este monumento fariase un xardín cun



Fotografías do monumento ós Martires de Carral publicadas nas obras de F. Tetanancy *La Revolución Gallega* de 1846 e *os Mártires de Carral*.

espazo de descanso e contemplación da paisaxe: deste xeito, tamén se contribuiría a unir a veciñanza de Teo (os das urbanizacións dos Tilos e Montouto) cos do resto do concello. A nós parécenos ben esta idea, pero estamos dispostos a discutir outro emprazamento máis axeitado, se alguén ten outras ideas.

O importante é que se faga este monumento, que sería interesante dedicar (co asesoramento dos historiadores que estudaron o tema: X. R. Barreiro Fernández, por exemplo), en primeiro lugar a Antolín Faraldo e demais integrantes da Xunta Superior do Goberno de Galicia en 1846, a Miguel Solís e demais soldados que loitaron polo primeiro intento de autonomía de Galicia. Sería tamén moi interesante que transcribisen os parágrafos máis salientables da Proclama da Xunta, publicados en *La Revolución* o 17 de abril de 1846.

En Teo, temos a oportunidade –como hoxe en Carral- de mostrar ós visitantes un importante anaco da memoria histórica de Galicia. Todo é cuestión de poñer mans á obra.



UN RELATO CONTEMPORÁNEO DA BATALLA DE CACHEIRAS



EDUARDO PARDO DE GUEVARA Y VALDÉS
Director do Instituto de Estudos Galegos
“Padre Sarmiento”

Entre os valiosos fondos documentais que se custodian no Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento figura o relato que dá título a esta breve colaboración. Abofé que nada puiden descubrir verbo da súa orixe e da súa integración neles, xa que apareceu hai xa algúns anos entre papeis de moi diverso interese e xénero, probablemente como consecuencia dalgún extravío nos sucesivos procesos de ordenación a que foron sometidos. De calquera xeito, ó atender o pedimento dos editores, entusiastas do tema, atrevemos a dalo a coñecer con esta limitación, que non consideramos relevante, pero que confiamos poder emendar no futuro.

Pouco máis podo engadir a esta nota ou comentario de presentación, o que me move é só desexo de presentar a novidade, divulgando o seu novidoso contido entre investigadores e curiosos. Pese a isto, creo oportuno recordar brevemente que os acontecementos relatados –ben coñecidos por outra parte– non son máis có último capítulo da famosa revolución galega de abril de 1846, cuxo epílogo se escribiría en Carral, na tarde do 26 do mesmo mes. Alí, tralo xuízo sumarí-

simo que esixían as circunstancias, foron fusilados o coronel Miguel Solís, que iniciara a sublevación na cidade de Lugo o 29 de marzo, e os outros once xefes e oficiais que foran apresados con el no convento de San Martiño Pinario de Santiago; mellor fortuna tiveron os sarxentos e cabos, cuxa pasividade –á que non se alude no relato que publicamos– contribuíu decisivamente á rendición final de Solís.

Para o demais, remito o lector á coñecida bibliografía que aquel movemento suscitou. Destaco, en particular, o documentado e minucioso relato de F. Tettamancy na súa indispensable *Revolución gallega de 1846* (A Coruña, 1908) e a interpretación igualmente valiosa e X. R. Barreiro Fernández en el *El levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo* (Santiago de Compostela, 1977).



DOCUMENTO

Relación de lo acaecido con motivo de la acción que ha tenido lugar el 23 del corriente entre las tropas del General Concha¹ y las del pronunciado Solís²

IEGPS, Documentos varios (S.XIX), num. 11

En la noche anterior salieron de Santiago las tropas pronunciadas, en número de 3 batallones, camino de la Ulla; y al llegar al lugar de Cacheiras siendo a propósito el terreno tomaron posición formando parapetos y demás especies

1 Houbo dous xenerais Gutiérrez de la Concha, irmáns e, por certo, non moi ben levados, Manuel e José, ambos nados en Arxentina, aínda que criados en España, fillos dun mariño español morto na guerra de independencia arxentina. Estes dous irmáns distinguíronse na primeira guerra carlista, mantendo despois actitudes ben diferentes. O primeiro, foi un destacado militar moderado, próximo a Narváez, con quen participou no alzamento de 1841 contra Espartero, secundándoo tamén no que dous anos despois logrou derrubar o rexente. O segundo irmán é o protagonista do presente relato como comandante do corpo expedicionario que reprimiu o movemento revolucionario de 1846. O personaxe era moderado, como o seu irmán, aínda que máis liberal; de aí a súa proximidade a Espartero, de cuxa escolta persoal foi responsable durante parte da primeira guerra carlista. A isto engádese a súa relación familiar co rexente, que tamén convén sinalar: Concha estaba casado con dona Vicenta Martínez de Sicilia, irmá de dona Jacinta, a muller de Espartero.

2 Miguel Solís y Cuertos, nacido en San Fernando (Cádiz) en 1816, era sobriño e protexido do xeneral Evaristo San Miguel. A súa carreira militar desenvolveuse na Real Armada ata 1836; pasou daquela ó exército, ascendendo axiña a capitán. A súa participación nos pronunciamentos esparteiristas de 1840 valeulle o ascenso a segundo comandante e, xusto antes da caída do rexente, logrou –por medio do seu tío, daquela, capitán xeral de Madrid, o ascenso a coronel aínda que non lle foi recoñecido. En 1845, arredado do poder, é destinado á Coruña, conseguindo ser promovido a primeiro comandante. Aquí frecuentou os círculos próximos a Juana de Vega, condesa de Espoz y Mina, núcleo da conspiración que orixinou o levantamento de 1846, do que foi inesperado protagonista.

de trincheras, distribuyendo al abrigo de ellas dicha fuerza en cuyo estado permaneció hasta el día. Desde las 8 de la mañana que empiezan abistarse las tropas de Concha quien despreciando la ventajosa posición y preparativos de los pronunciados distribuye sus fuerzas. Se rompe el fuego, acomete dichos parapetos a la bayoneta y los toma con la velocidad del rayo, haciendo que los enemigos emprendiesen la retirada: escusado (sic) es la pérdida que al tomar estos parapetos devió hacer por parte de los que acometían a cuerpo descubierto, porque el fuego fue orroroso y la resistencia tenaz.

Observando el General Concha el mobimiento de sus contrarios, dispuso que un fuerte trozo de cavallería los cargase por el flanco por ber si podía cortarles la retaguardia y, en efecto, el resultado de esta carga fue tan funesto para los rebeldes que les acasionó muchos³ muertos y heridos y crecido número de dispersos. A pesar de todo, los revolucionarios existen en su retirada hacia Santiago y las tropas de Concha, siempre encima con el mayor ardor, llegan en efecto aquella ciudad cosa de entre la 1 y 2 de la tarde, entrando por la Calle del Órreo; y los pronunciado, como benían delante, se apostaron y tendieron por las Calles de la Ynquisición, Madre, Ensinanza, Torreón del Picho, de la Cerca y la Raina.

Concha sigue con sus balientes y, antes de entrar en la ciudad, cojió como ensalmo 2 baterías en la altura de Balvís y mandó un trozo de caballería e ynfantería por San Lorenzo y Río de los Sapos, para que entransen por la Calle de las // Questas. Otro partió por Conjo, para acometer por el Campo de Santa Susana, y otro por dicho Balvís, para hacer lo mismo por la Calle de la Rúa de San Pedro; y por último el General, a la cabeza del resto, para cargar por la referida calle.

Así las cosas, suena un cañonazo y, a esta señal, acometen todos con tal ardor y denuedo, que inmediatamente se vieron tomadas las calles del pueblo, en medio del fuego más orroroso, así de artillería como de fusilería; tal que, no pudiendo resitirlos, los pronunciados intentaron retirarse

³ Repetido: muchos.

camino de Bigo, pero no pudiendo tampoco lograrlo, tubieron que internarse de nuevo en la población, dispersándose por aquellas calles, donde han sufrido el deguello más orroroso; de modo que cuantos heran cojidos sufrían en el auto el sacrificio de su vida.

En medio de esta lamentable y desgraciada situación, el resto de los rebeldes, en número de 400, incluso de su jefe, el célebre Belasco, se alvergaron en el conbento de San Martín, circunbalado por los soldados de Concha para obligarlos a rendirse por hambre. A todo esto, las baterías de Balvís no cesaban de disparar granadas y otros proyectiles, que causaban el daño conseqüente, y el General Concha, a la cabeza de su estado mayor así como sus tropas, recorrían las calles con la mayor furia, degollando a cuantos pronunciados allaban. Más aquí llama la atención, al bajar dicho General en esta autitud aterradora por frente a San Martín, sale de repente de su palacio el Señor Arzobispo y se arroja de rodillas a los pies de su caballo, pidiendo a aquel jefe piedad en favor de aquellos havitantes y en ahorro de más sangre. Observado esto por el Señor General, se apea e hincorporado al Señor Arzobispo se arrodilla é diciendo: Excelentísimo Señor, Vuestra Excelencia a mis pies; qué me pedirá Vuestra Excelencia que yo no estea pronto a hacer sa (sic) salvación de estos havitantes; su tranquilidad y el que no haiga más victimas, le dijo el Señor Arzobispo; a lo que replicó el General: Excelentísimo Señor, Vuestra Excelencia no estrañará que yo, como militar, cumpla con mi dever y // defienda mi Reina; el pueblo no padecerá más, pues el fuego cesará una vez que los enemigos están sofocados. Sólo dos casas serán arrasada, porque a ello dan lugar los crímenes de sus dueños. Con esto se han separado, y en efecto fueron saqueadas las casa de los comerciantes Sierra y Rey, a quienes se atribuye seren depositarios de los revolucionarios, sufriendo igual suerte la de Pío Tarraza, presidente de la Junta.

En tal estado, con el cuadro más triste a la vista, se hallaban las calles cubiertas de cadáveres y los hospitales apestados de heridos, de modo que los unos y los otros parece que esceden de 1000. Llegan las 8 de la noche y los albergados en San Martín, obligados por las granadas que caiyan

sobre aquel edificio, no pudieron menos de entregarse prisioneros. La tropa victoriosa no quería darles cuartel ni por un momento, pero el General logró contenerla, manifestando que oportunamente serían castigados con arreglo a la ley.

Los prisioneros son 300 y tantos de la clase de tropa y 66 oficiales, incluso Solís y Belasco. Anhelando la intercesión del Señor Arzobispo, este buen Señor, este ángel sobre la tierra, de nuevo pidió misericordia al General, mas éste le contestó que no estaba en sus tribuciones la posibilidad de complacerles, que de su deber era remitirlos a disposición del Capitán General del Reino, quien los juzgará con arreglo a la ley.

En efecto, después de degradarlos y manifestados como reos del Estado, salieron el día siguiente 24 para La Coruña, escoltados por un batallón de ynfantería y un escuadrón de cavallería; y el Señor Arzobispo, constante en su caridad, los siguió a aquella ciudad, según dicen, a Capitán General se conduela de dichos prisioneros, para que les salve la vida. Buenos son estos sentimientos, pero difícil empresa.

Por último, el General Concha, a concluirse la acción, publicó un bando imponiendo pena de la vida al soldado que robase el valor de una peseta, y otro para que se abrie-//sen todas las tiendas, especialmente las de comestibles, cuyos géneros se bendieron a los precios corrientes, pero ibiendo (sic) su suba o carestía también vajo pena de la vida.

La simple lectura de lo que va relatado basta para formar juicio de la crítica y horrorosa situación en que se bió el pueblo de Santiago. Los pacíficos habitantes ahún es hoy el día que no ben en sus calles y en las fronteras de sus casas sino más que sangre. Dios quisiera que escarmienten los ilusos y mal⁴ entencionados.

⁴ Riscado.

Ayer, 25, se celebraron las obsequias de los muertos y aún se recogieron algunos que se hallaron en aquellas cercanías. Concha presentó en acción 6 piezas de artillería, 300 caballos y 2 batallones, aunque de esta arma, según dicen, levaba 7 batallones. De La Coruña salieron tropas al mando del brigadier Marcrón con dirección a Lugo, y hoy se aseguró en esta que se habían rendido al amanecer de ayer.



DISCURSO DA INAUGURACIÓN DO MONUMENTO Á BATALLA DE MONTOUTO - CACHEIRAS



RAMÓN VILLARES PAZ

Presidente do Consello da Cultura Galega

(LUGAR DE MONTOUTO, CACHEIRAS, 22 DE XANEIRO DE 1998)

Hoxe reunímonos aquí para inaugurar este monumento á Batalla de Montouto –Cacheiras–, obra dun artista singular da nosa terra, como é Víctor Corral, e contando coa presenza do presidente do Goberno Galego, don Manuel Fraga Iribarne.

Xa teñen pasado, señor presidente, algo máis de cento cincuenta anos do acontecemento que hoxe estamos a conmemorar. E foi xustamente aquí, nestas abas do Montouto que defende o Ulla do aire do norte, desde onde se pode ver todo o val de Cacheiras, a agulla do Pico Sacro e mesmo a chaira da Estrada. Foi aquí, hai século e medio, cando en termo de poucas horas se enfrontaron dous exércitos, dous ideais e dous modos diferentes de ver o mundo. As xentes da parroquia de San Simón de Ons, agora coñecida como de Cachei-

ras, foron testemuñas afortunadas desta loita e hoxe, con este monumento, queremos renderlle tributo a aqueles loitadores románticos e idealistas, que arriscaban a vida por unha idea.

Un destes exércitos estaba mandado polo xeneral don José de la Concha, futuro *Marqués del Duero*, que defendía a Isabel II e a política dos moderados, representada polo “ditador” Narváez. Veu a Galicia para derrotar un pronunciamento militar, que comezara o día 2 de abril, na cidade de Lugo, a cargo do Segundo Rexemento do Batallón de “Zamora”, feito no nome do progreso e da liberdade.

O outro exército estaba dirixido por don Miguel Solís y Cuetos, comandante, cabeza do pronunciamento feito en Lugo. Este pronunciamento militar fora moi ben acollido en moitas cidades de Galicia, uníndose a el unha xeración de intelectuais “provincialistas” de Santiago e doutras cidades de Galicia. O día 15 de abril, este pronunciamento militar acabou sendo dirixido por civís, ao se constituír a Xunta Superior Provisoria de Galicia, dirixida por dous ilustres “precursores” do galeguismo, Pío Rodríguez Terrazo e Antolín Faraldo, o noso grande romántico e provincialista.

Foi por isto que un pronunciamento tipicamente militar da España do século XIX acabou sendo un levantamento de carácter galeguista, ao considerar a Galicia como o seu principal compromiso político.

A proclama que Antolín Faraldo, secretario da Xunta Superior, escribiu o día 15 de abril, é un dos manifestos máis bonitos da prosa política galega contemporánea:

Galicia, convertida en colonia da Corte, arrastrando ata aquí unha existencia oprobiosa, erguerase de fomentar os seus intereses



Monumento á Batalla de Montouto - Cacheiras.

materiais, abrirá as fontes de riqueza, a agricultura e o comercio serán atendidos (...). co poderoso sentimento do provincialismo, Galicia conquistará a influencia de que é merecedora, colocándose no alto lugar a que está chamado o reino dos Suevos.

Que a espada de Galicia obrigue a inclinar, por unha vez, a balanza nas que se pesan os destinos de España.

Para os que viviron aqueles acontecementos, isto era unha revolución. Por iso, unha longa tradición cultural galega ten chamado a estes feitos como a revolución galega de 1846 e

que hoxe coñecemos como o Levantamento Galeguista de 1846, de acordo coa interpretación modélica que del ten feito o historiador X. R. Barreiro Fernández.

Un dos puntos culminantes deste levantamento foi esta contenda militar, a campo aberto, entre Solís e Concha, que foi onde se decidiu a sorte do pronunciamento feito por Solís en Lugo. Esta é a importancia e mesmo a grandeza desta “Batalla de Cacheiras”, que se desenvolveu toda ela neste lugar de Montouto, e que constitúe unha páxina gloriosa da historia da Galicia do século pasado.

Pero, que foi o que aconteceu exactamente aquí, hai agora case 152 anos? Lembremos brevemente como se desenvolveu esta batalla.

As tropas do xeneral Solís, que estaban en Santiago, dirixíanse cara a cidade de Vigo, o día 22 de abril xa de noite, polo camiño real de Padrón, para se uniren ás do xeneral Leoncio Rubín, que andaban polo Condado. Pero sabedor de que as tropas do xeneral Concha viñan desde Ourense cara Santiago, Solís acordou virar, pasada xa a ponte da Rocha, en dirección a Cacheiras para facerlle fronte ao exército de Concha, que durmira aquela noite na casa reitoral do cura de Bamonde, onde seica estivo a punto de quedar eivado por caer desde o corredor en baixo, por se ter roto o beiril.

No dealbar do día 23, as forzas de Solís estaban apostadas en tres grupos nestas abas de Montouto, destacando unha porción de gardas nunhas casas –que puideran ser as próximas á ermida de Nosa Señora das Cabezas no lugar de Raxó– situadas á beira do camiño polo que viñan as tropas de Concha.

As tropas de Solís dirixíronse ao combate ao berro de “Viva a Raíña libre, ¡Abaixo o ditador!”, e defenderon as súas posicións durante algunhas horas, con grande alento, pero con pouca sorte.

Porque as forzas de Concha eran superiores e, ademais, fixéronlle a Solís unha manobra envolvente —probablemente polo lugar de Penelas— que non puido evitar. Así narra esta parte da batalla o cronista Juan do Porto:



Fotografías do monumento ós Martires de Carral publicadas nas obras de F. Tettanancy La Revolución Gallega de 1846 e os Mártires de Carral .

Ao abeiro da falda oposta da montaña, que pola súa disposición topográfica non podía ser dominada polos que estaban na cima, algúns enemigos rodearon polas costas aos revolucionarios, co obxecto de hostilizar o centro do exército de Solís por detrás, e facer así imposible a unión das alas esquerda e dereita... E vendo Solís as vantaxes que ían collendo os enemigos, que o número das tropas que lle atacaban eran máis das que el pensaba e que, para colmo da súa mala sorte, a arma de cabalería do enemigo non podería ter escollido en Galicia terreo tan favorable como este para cargar, acordou emprender a súa retirada cara a Santiago, aínda que algúns lle aconsellaban que voltase cara o camiño de Padrón, pola línea da montaña que tiña á súa dereita, cunhas crestas aguzadas de fácil defensa.

Recuando cara Santiago, e fustigadas polas tropas do xeneral Concha, as forzas de Solís atravesan a Pontepedriña e entran en Compostela coa intención de se defenderen, onde acaban por acollerse no mosteiro de San Martiño Pinario, onde no solpor da tarde (ás sete), Miguel Solís acabou por se entregar ás tropas do xeneral Concha.

A cidade foi conquistada metro a metro, polo Hórreo, por Belvís, pola rúa e praza de San Bieito e pola *Azabachería*, segundo ten relatado unha testemuña presencial de excepción, como era o futuro patriarca das letras, Manuel Murguía, que moraba daquela no cantón de San Bieito, en Compostela. Desde as ventás da súa casa puido ollar Murguía como caían os soldados “revolucionarios” de Solís, pois as ordes eran de “duro e á cabeza”.

Pero na vitoria, os vencedores non foron xenerosos. Solís e 61 oficiais son collidos presos e levados cara a cidade da Coruña. Constituído un tribunal militar en Carral, son condenados a morte, sendo fusilados Miguel Solís e outros once compañeiros oficiais de armas, pasadas as catro do serán, no adro da igrexa de Santo Estevo de Paleo, ao carón da vila de Carral. As ordes do capitán xeral Villalonga non podían ser máis terminantes: recibida a orde, mandaba que se puxese en Capela a Solís e que se fusilase.

Como xa presentira Antolín Faraldo nun artigo publicado no xornal *La Revolución*, portavoz da Xunta Superior de Galicia, a “derradeira páxina escribiuse con sangue”. Do sangue vertido neste abril de 1846 naceron os “mártires de Carral”.

Os ecos deste levantamento e dos fusilamentos de Carral entraron así na memoria popular e tamén na tradición culta forxada polo galeguismo. Intelectuais rexionalistas e das Ir-

mandades da Fala ocupáronse con frecuencia desta “revolución” e dos seus “mártires”. Deste modo, tamén esta batalla de Cacheiras entrou a formar parte dunha lenda, que estudaron historiadores e cantaron os poetas.

Un poeta das Irmandades da Fala cantou, en 1917, os ecos desta batalla nun poema titulado “¡Cacheiras! ¡Carral!”. Cuns versos deste poema damos cabo a esta lembranza desta batalla, celebrada neste noso monte Montouto:

*O promo dos asesinos
desfai as frentes barudas
d'aqueles homes de ferro
que a treizon fai que sucumban...
Os páxaros enmudecen,
as froles víranse murcha,
o sol non brila no espazo
porque as brétemas o ocultan...
¡E que a libértá galega
morreu, e en bágoas se enturbia!
¡Maldito, maldito sexa
quen contra o progreso luita!*





TEO, ABRIL DE 2016



JOSÉ GUTIÉRREZ DE LA CONCHA



PIO RODRÍGUEZ TESRAÑO



ANSELMO FANDIÑO



MIGUEL SOLÍS CUETOS

Esta publicación recolle 3 interesantes achegas que narran os feitos que tiveron lugar nas terras teenses na mañá do 23 de abril de 1846. Nesa data, hai 170 anos, librouse en Cacheiras unha batalla que marcou a historia da Galiza contemporánea.

As tropas do Xeneral Gutiérrez de la Concha, en defensa do goberno conservador de Narváez, enfrontáronse ó exercito comandado polo comandante Miguel Solís Cuetos, sublevado en nome do progreso e da liberdade. A insurrección fracasou pero despertou consciencias e alentou as reivindicacións identitarias de personalidades como Murguía, Rosalía, Aguirre ou Pondal. Este foi o grande triunfo do levantamento, deixar a semente que agromaría no nacionalismo galego



CONCELLO DE TEO

170 ANIVERSARIO

A BATALLA DE CACHEIRAS

ABRIL 1846 - 2016